

“UN CORAZÓN, UN TWEET”



(Departamentos de linguas e Biblioteca A Esperela)

Dende a biblioteca e os departamentos de linguas gústanos animar a toda a comunidade de Mosteirón a ler e nesta ocasión tamén a escribir para que outras persoas podan ler.

«Un corazón, un tweet», pretende que escribamos, un máximo 140 caracteres como ocorre cos tweets, unha mensaxe de amor ou de amizade para alguén do centro. O próximo 14 de febreiro, que é o día de San Valentín, farémoslle chegar a mensaxe.

Así que, xa sabes! É moi sinxelo!

Se queres sorprender a alguén ou dicirle algunhas palabras bonitas, só tes que seguir as seguintes indicacións:

1. Recolle a túa postal na biblioteca onde poidas escribir a túa mensaxe en galego, castelán, francés ou inglés. Podes deseñar tamén a túa propia postal.
2. Escribe o nome, apelidos, curso e grupo (se é alumno/a) da persoa ou persoas destinatarias. Recorda que **O REMITENTE É ANÓNIMO!**
3. Deposita a túa postal na **CAIXA DE CORREO** que estará na **BIBLIOTECA** do centro.

Aviso importante: As postais teñen que ser abertas e non poden ir dentro dun sobre. Recordade que a temática dos poemas é a **AMIZADE** ou o **AMOR** no sentido máis amplo. **Calquera postal que non cumpra as bases da actividade non será entregada.**

ENTREGA ás persoas destinatarias : DÍA 14 DE FEBREIRO ás 13:55 (6ª hora).